

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO BOLO PARA RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA NESTE CONCELLO E A MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO LUGAR DO VAO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello do Bolo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Bolo que permitan o acondicionamento do pavimento que dá acceso ao lugar do Vao moi deteriorado polas inclemencias metereolóxicas e a súa antigüidade. En concreto as obras afectan os pk 3 +000 ao 4 +940. As actuacións proxectadas consisten na limpeza de gabias e taxear para evitar que as augas de escorrentía produzan danos na nova pavimentación, a regularización superficial do firme da explanada con expansión de gravillón, así como un dobre tratamento do firme con ligante tipo ECR-3.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello do Bolo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

